



QUE SIGNIFICA DISCRIMINAR?

Discriminar consiste en privar a unha persoa pola súa pertenza a un grupo humano dos mesmos dereitos que desfrutan outras. Unha conduta discriminatoria pode afectar a unha persoa ou grupo de persoas pola súa orixe, orientación ou identidade sexual, relixión, ideas, idade, xénero ou etnia.

Moitas persoas racializadas, negras e/ou estranxeiras acostuman ser discriminadas en diversos ámbitos da súa vida: no acceso á vivenda, ao traballo, nos locais de ocio, nas relacións coa veciñanza. Tamén poden ser obxecto de insultos, ameazas ou agresións racistas pola súa condición de racializada/negra/estranxeira.

Adaptación da Federación
SOS Racismo



NON BASTA CON
NON SER
RACISTA. HAI
QUE SER
ANTIRRACISTA

ÁNGELA DAVIS




RECURSOS CONTRA O RACISMO



Eduso
Antirracista





A QUEN SEGUIR NAS REDES?


@afrocolectivx



@hijadeinmigrantes



@sosracismogalicia



Observatorio
Español de Racismo
e Xenofobia




A QUEN ACUDIR?

Se ti, a túa familia ou alguén que coñeces sofre racismo ou xenofobia, podes chamar a:

Oficina de Información e
Denuncia de SOS Racismo Galicia
(+34) 881 963 797
(+34) 698 163 742

Servizo de Asistencia e
Orientación a Vítimas de
Discriminación Racial ou Étnica
do CEDRE.
021



RECOMENDAMOS...

Se eres menor de idade,
identifica a unha persoa adulta
que che poida botar unha man:

1. Recompila os datos xerais:
 - a. Da vítima ou vítimas.
 - b. Hora e lugar onde ocorreran os feitos.
 - c. Descrición do ocorrido.
 - d. Pide a colaboración de persoas testemuñas.
2. Recolle probas documentais:
 - a. Se é preciso, chama á policía para que levante acta.
 - b. Se se produce nun establecemento comercial (bar, comercio, etc) pide a folla de reclamacións, redacta a queixa e queda cunha copia.
 - c. Esixe que as declaracións de calquera administración pública sexan comunicadas por escrito.
 - d. Fai fotos ou gravacións co móbil, poden ser moi útiles.